

Compostela, 8. X. 60

Dr. D. Luis Seoane
B. Aires.

Meu querido e lembrado amigo:

Recibín a tua carta e con ela a fonda
alegria de saber que o voso recente paso pola nosa terra deixou en
vós un calco perdurábel de impresións gratas. Pódovos asegurar,
porque é certo, que o voso itinerario por Galicia deixou un ramel
de cordial simpatía en todos, tanto nos vellos amigos coma nos
conocidos de novas. Polo que a Isabel e máis a min re refire,
estade seguro, de que non poderemos esquecer os brevísimos días que
pasamos xuntos.

Nestes días celebrouse en Lugo o "1.º Festi-
val do Miño", un de cuíros númervs foi un certamen literario galego-
portugués. Pra o "Premio López Cuevillas", de teatro galego, presentáronse
nada menos que dez obras. Premiaron ó Cunqueiro e Déronles, accerit
a Franco Grande, Cortezón e máis Mamele María.

Mañán elixirán presidente da Real Academia
Gallega a Sebastián Martínez Risco.

Saúdo mozo a Maruxa. Pra ti unha aperta
moi forte do teu amigo certo

Ramón